

Data de elaboración: 16 de abril de 2020

ANÁLISE DO RDL 14/2020 E OUTRAS CUESTIÓNS -LIBROS CONTABLES, CONTAS ANUAIS E MEMORIAS DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO-

Que detectamos no ámbito contable e fiscal na última semana desta situación de crise por CoVid-19?

Fundamentalmente, onte, mércores 15 de abril, publicouse o RDL 14/2020, polo que se estende o prazo para a presentación e ingreso de determinadas declaracións e autoliquidacións tributarias. Ademais aclaráronse algunhas cuestións relativas a libros contables, contas anuais e memorias de centros especiais de emprego.

1. RDL 14/2020: aumento de prazo na presentación de declaracións e autoliquidacións para algúns contribuíntes.

A quen aplica este RDL?

Afecta as declaracións e autoliquidacións (p.e. 111, 115, 303) que se presenten ante a AEAT por aqueles contribuíntes (persoas físicas ou xurídicas) con volume de operacións non superior a 600.000 euros en 2019.

Na web da AEAT aclarouse un pouco máis este criterio indicándose que o volume de operacións será o previsto no artigo 121 da Lei do IVE (entendemos que será o importe indicado na casíña 108 da declaración 390 do exercicio 2019), e na súa falta cando non exista obrigación de presentar declaracións relativas ao IVE (por exemplo no caso de operacións exclusivamente exentas previsto no terceiro parágrafo do artigo 71.1 do RIVA ou no caso de réxime especial da recarga de equivalencia), o Importe Neto da Cifra de Negocios do Imposto sobre Sociedades (entendemos que será o importe indicado na casíña 255 do modelo 200 do exercicio 2018) ou o equivalente no caso do Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas.

Como será ese aumento de prazo?

Se estamos a falar de contribuíntes con presentación trimestral, o trimestre que se vería afectado sería o primeiro trimestre de 2020 e resultaría da seguinte maneira:

- a. Se son declaracións con domiciliación de pago o novo prazo terminaría o 15/5/2020 (venres).
- b. Se son declaracións con calquera outro modo de presentación (NRC, aprazamento, valor cero, negativo) o novo prazo terminaría o 20/5/2020 (mércores).

E se xa presentara as declaracións por domiciliación?

Na nota de prensa emitida con posterioridade ao Consello de Ministros que aprobou este RDL dise que o cargo realizarase o 20 de maio de 2020. Propoñemos estar atentos á situación do banco o 20 de abril e o 20 de maio para comprobar que será así.

No seguinte [link](#) poderás atopar a nota de prensa posterior ao Consello de Ministros que aprobou este RDL.

2. LIBROS CONTABLES E CONTAS ANUAIS: cambiou algo respecto ao adiamento xa aplicable polas contas anuais?

Como advertimos en boletíns anteriores co RDL 8/2020 e as adaptacións sufridas por este no RDL 11/2020 as contas anuais das entidades xurídicas ven incrementado de maneira notable o seu prazo de formulación, aprobación e revisión por auditoría.

O 10/4/2020 a Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública, dependente do Ministerio de Xustiza, emitiu unha [resolución](#) que vai na liña do que a lóxica indicaba ante a pregunta seguinte:

Se podo atrasar a formulación, aprobación e revisión por auditoría das miñas contas anuais teño que presentar os meus libros contables o 30 de abril?

Este departamento indicou o que a lóxica parecía indicar: non hei de presentar libros se teño dereito a atrasar todo o proceso contable pola aplicación do RDL 8/2020.

En definitiva se me atopo na devandita situación porque a data 14 de marzo de 2020 aínda non finalizara o prazo para formular as contas anuais (con carácter xeral o prazo é o de tres meses desde o final de exercicio contable, p.e. se é 31/12 o prazo de formulación sería ata o 31 de marzo):

a) Estou en situación de aplicar o artigo 40 da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo (sociedades que constitúen a inmensa maioría) e, por tanto, poderei presentar a **legalizar o seus libros obrigatorios** dentro do prazo de **catro meses a contar desde a data** en que **finalice o período de alarma**.

b) **Sen prexuízo** de que as sociedades que efectivamente **desexen legalizar os libros** obrigatorios que teñan debidamente elaborados pódano facer **en calquera tempo**, aínda en vigor o estado de alarma. Como resulta do artigo 40 da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, o prazo de suspensión para a formulación de contas é meramente voluntario para o obrigado e así debe entenderse igualmente para o suxeito obrigado a presentar a legalización dos libros obrigatorios.

3. A miña ORGANIZACIÓN ESTÁ CUALIFICADA COMO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO (CEE) EN GALICIA: como me afecta esta crise na miña relación co Rexistro de CEE, especialmente no referido á memoria anual que hei de entregar o 30 de abril?

Neste boletín queremos facer un zoom sobre se persiste ou non a obrigação de presentación da memoria anual de 2019 antes do 1 de maio de 2020.

A [web](#) do Registro de CEE indica que dispón dun [pdf](#) con información sobre como funcionará o propio Rexistro e os prazos para os CEE. No devandito pdf advírtese de como funcionarán os prazos dos procedementos e a súa suspensión.

Especificamente, os CEE deben presentar unha Memoria Anual ao Rexistro de CEE de Galicia conforme ao Artigo 8º do Decreto 200/20055, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento no prazo de catro meses desde o peche do exercicio contable. É dicir, a memoria do exercicio 2019 teríase que presentar, como moi tarde, o próximo 30 de abril de 2020.

Sigo tendo como prazo de presentación da Memoria de 2019 o 30 de abril de 2020?

Non, porque, como se indica no devandito pdf os prazos establecidos na normativa para presentar documentación ante o rexistro, que estivesen en vigor no momento en que se declarou o estado de alarma (como a presentación desta memoria anual) están suspendidos. En consecuencia, ao prazo ordinario engadiráselle o tempo que dure o estado de alarma. Así interpretamos que, unha vez finalizado o estado de alarma teranse que engadir os días que pasaron desde o 14 de marzo e o 30 de abril.

Aproveitamos este boletín para lembrar que na [web](#) de Algalia están a disposición todos os boletíns que xeramos durante esta crise para explicar aspectos contables, fiscais, xurídicos e laborais de interese para as organizacións.

Ademais, diariamente, elaboramos dúas ferramentas en [Excel](#) para facilitar o acceso tanto a normativa relacionada coa crise como a recursos de interese nesta situación tan complexa.

Mentres tanto, #ESTE VIRUS PARÁMOLO UNIDOS.

Servizo económico de Algalia
16 de abril de 2020